



ACTA Nº 2018/05  
SESIÓN PLENARIA XOVES 16 DE AGOSTO DE 2018

**ACTA Nº 2018/05**

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

**XOVES 16 DE AGOSTO DE 2018 -**



## ACTA Nº 2018/05

<p><u>Asistentes:</u></p> <p><b>PRESIDE:</b> FERNANDO PEREZ FERNANDEZ</p> <p><b>ASISTEN:</b> BNG JOSE ANTONIO COTOS SEOANE ALVARO XESUS GARCIA FREIRE PP OSCAR VAZQUEZ CORRAL JESUS GOMEZ GARCIA JOSE DAVID PINTOR PAZO JOSE EMILIO MAHIA NEIRA MARIA DEL CARMEN TORREIRO COTOS</p> <p><b>AUSENCIAS:</b> BNG MARTA GARCIA SANCHEZ</p> <p><b>SECRETARIO:</b> AFONSO BIEITO LORENZO PENELA</p>
--

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O XOVES 16 DE AGOSTO DE 2018

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:07 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Hai unha cidadá presente en calidade de público e ao longo da sesión entran dúas máis e sae unha

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada.

En consecuencia, a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación no seu caso do borrador da acta da sesión anterior.
- 2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (por erro non ía na convocatoria. Ratifícase o seu estudo por ser un punto obrigatorio).
- 3.- Aprobación da Conta xeral do exercicio de 2017 (informada pola Comisión de contas)
- 4.- Aprobación, no seu caso, do orzamento municipal de 2018 (informado pola Comisión de contas)



- 5.- Constitución e composición da mesa de contratación permanente deste concello. (achégase anexo coa proposta)
- 6.- Corrección erro acordo pleno 14-06-2018 de recurso reposición Carmen Novo Platas.
- 7.- Mocións (na data da convocatoria non hai ningunha presentada)
- 8.- Rogos e preguntas (achéganse as presentadas ata esta data)

### **1.- Aprobación de actas anteriores (00' 20'')**

O alcalde do Concello, Fernando Pérez Fernández informa de que a acta da sesión anterior de data 14-06-2018 aínda non está rematada de redactar polo cal non se puido remitir antes da convocatoria.

A continuación o portavoz do BNG José Antonio Cotos Seoane, transcorridos 01'05'', prantexa o que chama unha cuestión de orde, protestando, en resumo, por non ter sido avisado do cambio de día da sesión, ao non se celebrar o segundo xoves de mes par senón o terceiro.

O alcalde explica que houbo unha causa xustificada por estar convocada a comisión de contas de estudo do orzamento o pasado luns. No acordo en que se fixaron as sesións ordinarias de pleno xa estableceu que se celebrarían o segundo xoves de mes par e, de non ser así, serían o terceiro xoves. Di que quede constancia da queixa.

Logo dun amplo debate sobre a non realización do aviso de non celebración, e se correspondería facelo e a quen, continúa a sesión.

A continuación o portavoz do BNG José Antonio Cotos Seoane, transcorridos 06'40'', chama a atención ao alcalde do concello pola forma de chamarlles a atención por non saudalo cando entrou, indicando o alcalde que el si saudou ao entrar e os concelleiros do BNG non contestaron ao saúdo, o que provoca un amplo debate.

### **2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (08' 40'') (por erro non ía na convocatoria. Ratifícase o seu estudo por ser un punto obrigatorio).**

A continuación dáse conta da entrega dos borradores das actas da Xunta de goberno local ata a número 12/2018. Non hai ningún comentario ás mesmas.

Faise constar que as actas da Xunta de Goberno local inclúen os decretos asinados no período correspondente.

### **3.- Aprobación da conta xeral do exercicio de 2017. (10' 30'')**

A continuación o alcalde Fernando Pérez Fernández presenta a Conta xeral do exercicio de 2017, a cal xa foi informada pola Comisión especial de contas o 25-06-2018 e



informada ao público a través do Boletín oficial da provincia. Ten que ser presentada ante o Consello de Contas antes do 15-10-2018.

Engade que, segundo se deduce da Conta xeral aprobada, o concello cumpre a estabilidade, a regra do gasto e o endebedamento. A continuación le a proposta de acordo, contida no informe da Comisión especial de contas.

Transcorridos 11'55" dálle a palabra ao portavoz do BNG, quen di que o seu grupo se vai abster.

Transcorridos 12'10" sométese a votación, resultando aprobada a conta xeral por seis votos a favor (PP) e dúas abstencións (BNG), adoptándose en consecuencia o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2017, que quedou cumpridamente xustificada.

SEGUNDO. Someter a referida Conta xeral así como a documentación que a integra, á fiscalización do Consello de Contas e máis do Tribunal de Contas.

#### **4.- Aprobación, no seu caso, do orzamento municipal do exercicio de 2018. (12' 30")**

A continuación o alcalde Fernando Pérez Fernández dá conta da proposta de orzamento municipal para o exercicio de 2018. Explica que o orzamento vén cando xa estamos no mes de agosto, moi adiantado o exercicio. Informa que foi informado favorablemente pola Comisión de contas na reunión do 13-08-2018, cunha emenda, que pasa a explicar:

Nos orzamento tratábase de resolver a existencia de dúas traballadoras indefinidas, creando a praza correspondente, que se consideraban de nivel C2 de funcionarios. Ultimamente hai unha reclamación previa á vía xudicial doutra traballadora e é posíbel que haxa máis. Esa situación, e máis a aparición de dúbidas sobre a cualificación das prazas no nivel C2 ou noutros superiores, aconselláronnos volver atrás a proposta. O que temos pensado a equipa de goberno é estudar a posibilidade de facer unha RPT. A explicación da emenda e mais a súa encaixe no orzamento entregouse aos membros do pleno antes da celebración deste. Non inflúe nas cantidades globais do orzamento, pois a modificación das prazas non afectaban ás retribucións das mesmas (cambios das mesma cantidades entre os grupos de función 9 e 2 e 3 do capítulo I)

Transcorridos 15'05" o alcalde dálle a palabra ao portavoz do BNG, José Antonio Cotos Seoane, quen aclara que o soldo a que se refería na comisión de contas de 27.000 euros era efectivamente así e sen seguridade social. Contesta o alcalde indicando que os soldos neste concello son moi baixos, o de todo o persoal.



Transcorridos 17'20" o alcalde vai indicando as cifras do orzamento seguindo basicamente os datos da memoria xa remitidos xunto á convocatoria. O orzamento suma 1.984.000,00 euros no orzamento de ingresos e 1.890.000,00 euros no de gastos.

Transcorridos (22'20") o alcalde dálle a palabra ao portavoz do BNG José Antonio Cotos Seoane, quen insiste en que os orzamentos tiñanse que ter presentado moito antes e en que hai moito gasto en persoal e tamén moito aumento en ingresos en impostos. A continuación pregunta polo incremento en horas da empregada da limpeza, e tamén polo incremento na área de servizos sociais, indicando o alcalde que hai un decreto no caso do persoal da limpeza que deriva da necesidade de cubrir o traballo que facía Humilde Novio a quen se lle rescindiu o contrato de autónoma o ano pasado. Con respecto á área de servizos sociais, hai un incremento na subvención da deputación provincial que foi analizado nun informe da asistente socia. José A. Cotos pide unha copia do informe.

Transcorridos 25'55" o alcalde Fernando Pérez Fernández, contesta ao portavoz do BNG que non houbo ningún aumento nos impostos e invítalle a comprobar os concellos limítrofes tanto en ingresos por impostos co en gasto de persoal, insistindo en que, en xeral, os soldos son baixos. Con respecto á tardanza en presentar os orzamentos indica o problema da dependencia do concello das subvencións e que non houbo ningún problema de xestión por culpa de non telos aprobado.

Contesta o portavoz do BNG para aclarar que subiu a cantidade prevista de ingresos de 300 e pico mil a 400 e pico mil, que é o que quería dicir, nada máis e insistindo en que os orzamentos se presentan tarde e que o capítulo de gastos é alto, aínda que el non falou de soldos para nada.

Transcorridos 29'15" e non habendo máis intervencións sométese a votación a proposta de acordo, adoptándose por seis votos (PP) a favor e dous en contra (BNG) os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vilasantar, para o exercicio económico 2018, xunto coas súas Bases de Execución, e por un importe total de 1.984.000,00 euros no orzamento de ingresos e 1.890.000,00 euros no de gastos.

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

**TERCEIRO.** Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o 2018, as Bases de Execución e persoal aprobados, por prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**CUARTO.** Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

**QUINTO.** Remitir copia á Administración do Estado e da Xunta de Galicia.



**5.- Constitución e composición da mesa de contratación permanente deste concello. (achégase anexo coa proposta) (29' 30")**

A continuación o alcalde Fernando Pérez Fernández dá conta da proposta de Constitución e composición da mesa de contratación permanente deste concello. Previamente fala da maior carga de traballo que ten o persoal do concello por mor de adaptarse ás novas tecnoloxías e aos cambios legislativos. Así vese como na mesa de contratación temos de incluír a persoal de oficina. A continuación le a proposta.

Transcorridos (32'20") o alcalde dálle a palabra ao portavoz do BNG, José Antonio Cotos Seoane, quen non intervéñ.

Transcorridos (32'35") e non habendo máis intervencións sométese a votación a proposta de acordo, adoptándose por unanimidade os seguintes acordos:

*Primeiro: Constituír a mesa de contratación permanente do Concello de Vilasantar, para todo tipo de expedientes de contratación nos que sexa preceptiva e para aqueles nos que, potestativamente, se decida que exista.*

*Segundo: Que a composición da mesa de contratación permanente sexa a seguinte:*

*Presidente: Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, ou persoa que o substitúa.*

*Vogais: Afonso Bieito Lorenzo Penela, secretario interventor do concello, ou persoa que o substitúa.*

*Emilio Fernández Pérez, técnico municipal, ou persoa que o substitúa.*

*Lourdes García Sánchez, persoal laboral municipal, ou persoa que a substitúa.*

*Secretaria: Isabel Novo López, funcionaria municipal, ou persoa que a substitúa.*

*Terceiro: Publicar o presenta acordo no perfil do contratante do concello e no Boletín oficial da provincia.*

**6.- Corrección erro acordo pleno 14-06-2018 de recurso reposición Carmen Novo Platas. (32' 45")**

A continuación o alcalde Fernando Pérez Fernández dá conta do erro existente no acordo do pleno 14-06-2018 de recurso reposición de Carmen Novo Platas en escrito con RE 651.

O erro estaba tanto na referencia catastral como na porcentaxe da bonificación, que será do 50%.



Transcorridos 35'00" e non habendo máis intervencións sométese a votación a proposta de corrección de erro, que é aprobado por unanimidade dos oito membros asistentes.

En consecuencia o acordo queda redactado do seguinte xeito:

Á vista do anterior o pleno da corporación acorda, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1) Aceptar o recurso de reposición presentado por Carmen Novo Platas no escrito con Rexistro de entrada neste concello 651.
- 2) Propor á deputación provincial o recoñecemento da bonificación catastral do IBI na parcela con referencia catastral 5370303NH7657S0001RM cunha bonificación do 50%, a contar xa dende este exercicio por terse presentado a solicitude antes de rematar o exercicio de 2017.

#### **7.- Mocións (35' 05")**

A continuación o alcalde Fernando Pérez Fernández dá conta de que non hai ningunha moción presentada.

#### **8.- Rogos e preguntas (35' 10")**

A continuación o alcalde Fernando Pérez Fernández dá conta das preguntas presentadas por Álvaro García Freire (BNG) o día 12 de xuño de 2018, despois da convocatoria do pleno anterior. A continuación procédese á lecturas das preguntas:

a) Lea Álvaro García Freire (35'15") : *“Na acta da XGL aparece que se dá por finalizado o proceso de licitación da obra “Saneamento en Fonte Camba” por importe de 18.669,03 euros. Cales son os motivos da paralización do proceso de licitación?”*

Contesta o alcalde, en resume, que as obras contratáronse como obra menor porque unha parte das mesmas xa estaban feitas pola propia deputación provincial (como parte de outra obra, a senda peonil), co que as obras efectuadas polo concello quedaron nuns 12.000 euros, preguntado de novo Álvaro García Freire por que se tardou tanto en resolver dende que a obra da deputación xa estaba feita, pois tardouse case un ano dende que saíu a licitación, explicando o alcalde o proceso.

b) Lea José Antonio Cotos Seoane (39'20") : *“En que estado de tramitación se atopa o PXOM de Vilasantar? Cales son as previsións para a súa aprobación?”*

Contesta o alcalde, en resume, que estamos a espera do remate dos traballos de concentración parcelaria pois é necesario coordinar ambos procesos. Con respecto a dicir unha data, explica que a situación de ambas concentracións dependen de outras administracións polo que non pode dar unha data. Temos intención de esperar a aprobar o PXOM mentres as terras, agora legalmente de concentración parcelaria, non retornen á propiedade dos veciños.





c) Lea José Antonio Cotos Seoane (42'50") : *“En que data se recibiu no concello a documentación coa información da exposición pública do parque eólico da Lavandeira? O concello ten coñecemento de se algunha empresa está preparando un novo proxecto?”*

Contesta o alcalde, en resume, que esta pregunta xa foi contestada no pleno anterior e que por agora o que hai son as alegacións presentadas por este concello o día 13 de xuño á Consulta sobre o alcance da avaliación de impacto ambiental dese proxecto. Foi ao día seguinte do pleno en que Álvaro (García Freire) informa da existencia deste proceso e segundo se acordou nese pleno.

Transcorridos (46'20") Álvaro (García Freire) pregunta en que data en concreto entrou no concello o escrito da exposición pública do parque eólico da Lavandeira, contestando o alcalde que non sabe exactamente cal. Queda en darlle o dato máis tarde.

Con respecto a se hai algunha empresa que estea preparando un novo proxecto o alcalde di que non sabe nada, comentando Álvaro García Freire que preguntan porque no concello de Ordes si se está elaborando outro proxecto.

d) Lea José Antonio Cotos Seoane (48'45") : *“Como está a situación de limpeza das franxas? De quen é a responsabilidade de facer as denuncias? Cal é a responsabilidade na que incorremos como concello se non se limpan as franxas e se inicia un incendio? Iniciouse algún expediente sancionador?”*

Contesta o alcalde, en resume, que a obriga legal da xestión da biomasa xa hai tempo que existe. Este ano puxemos bandos informando do cambio da lexislación e tamén se enviaron escritos aos veciños. Igual que en anos anteriores actuamos ante denuncias de veciños e, este ano, a maiores fixemos requirimentos específicos de oficio. Nótase que os propietarios comezan a cumprir. De non cumprirse os requirimentos iniciárase o procedemento sancionador.

A continuación informa que de haber un incendio a responsabilidade sería do propietario pois, ademais da lexislación, o concello avisou a todo o mundo. Contesta Álvaro García Freire que a responsabilidade é do concello e que non debía de ser, pois ata agora non tiñamos competencias.

Segue un debate sobre as distancias e as diferentes actuacións segundo se trate de núcleos rurais, estradas ou pistas municipais

e) Lea José Antonio Cotos Seoane (1h 01' 10") : *“Que xestións se están facendo por parte do concello para que os veciños de Liñares e o Vilar teñan a potencia eléctrica necesaria nas súas explotacións?”*

Contesta o alcalde que deste tema xa se ten falado, pero non ten inconveniente en repetilo. O concello ten constancia verbal dunha vivenda con problemas, nada máis. O concello xa ten informado que, nun principio autorizamos a Fenosa a colocación de tres





postes eléctricos, entre O Vento e Liñares. Unha veciña négalles o permiso para situar un poste (que sen embargo estaba na cuneta municipal) Entón a empresa cambia a ubicación do poste, sen autorización municipal, polo que lle requirimos nova documentación para poder autorizar o cambio e nunca a chegaron a presentar.

f) Lea José Antonio Cotos Seoane (1h 04' 55") : *“Que medidas se van a tomar para sacar as pingueiras do local social de Vilariño? Con que tipo de material se fico o tellado?”*.

Contesta o alcalde que a empresa que colocou o tellado vai facer unha revisión antes de rematar o verán. A pregunta de José A. Cotos Seoane informa de que a cubrición é de fibrocemento, uralita, non parece ser problema do material.

g) Lea José Antonio Cotos Seoane (1h 07' 00") : *“Como foi a organización da festa dos maiores? Que medidas de seguridade estaban activadas?”*.

O concelleiro do BNG Álvaro García Freire concreta a pregunta en quen está convidado á festa dos maiores, contestando o alcalde que os veciños maiores de 60 anos empadroados e que poden vir acompañados os que non poidan vir sos. Engade que non se lle cobra a ninguén. Hai un breve debate entre a concelleira Carmen Torreiros (PP) e Álvaro García (BNG). O alcalde engade que tampouco se é moi estricto e mesmo xente maior de 60 anos non empadroada pero que ten vivenda en Vilasantar, pode vir, sempre con preferencia aos empadroados.

A continuación fala da organización, indicando que este ano foi a través dunha empresa, ao ter mellorado a situación económica do concello. En anos anteriores fora o persoal do concello.

A continuación indica sobre as medidas de seguridade que xa se coñecen, afirmando Álvaro García Freire (BNG) que eles poñen en dúbida a actuación de protección civil, contestando o alcalde Fernando Pérez Fernández que si estaba e que ademais actuou, replicando Álvaro García que non estaban identificados nin uniformados e que o alcalde informou no anterior pleno do que aínda non teñen a acta.

Antes de finalizar a sesión Álvaro García Freire pregunta polos accidentes que houbo na piscina, contestando o alcalde que se debe a existencia de azulexos en forma de cadriños pequenos, que é un sistema que xa non se usa e que se levantan moi fácil. Houbo unha obra menor e recortáronse o que facilitou que algunhas persoas se cortasen. Xa os quitamos todos. Engade que se vai pedir unha subvención para cambiar o sistema e o ano que vén será de fibra.

Ás 14:23 horas (1h16'10") non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, venres 24 de agosto de 2018

O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela

Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández